

Introdución
Repensando o paradigma
do declive da Galicia medieval

José M. Andrade Cernadas e Simon R. Doubleday

DOI: [10.17075/gtax.2021.001](https://doi.org/10.17075/gtax.2021.001)

O paradigma tradicional da historia de Galicia na Baixa Idade Media é o do seu declive político e cultural: un declinar que, se ben non foi tan precipitado como a decadencia, derrota e desaparición de al-Andalus, comparte cando menos algunhas características en común. Gil Anidjar sinalou a existencia dunha preocupación historiográfica obsesiva coa fin de al-Andalus, subliñando a súa finitude e mais a súa pretendida excepcionalidade dun xeito que escurece os modos en que sobrevive e persiste a cultura andalusí en Iberia e máis alá. É un feito rechamante, escribe Anidjar, que «with al-Andalus, it is mostly to an irrevocable end and a catastrophic past that we are summoned and told we must bear witness»¹. De maneira semellante, unha ostensible recesión nos éxitos políticos da Galicia dos séculos XII e XIII é considerada xeralmente como un chanzo nun proceso de declive de longa duración, que culminaría inevitablemente nos chamados «séculos escuros». Este proceso, en principio, non remataría até o Rexurdimento do século XIX, case fatalmente interrompido pola ditadura de Franco².

Esta suposta decadencia medieval en Galicia asóciase cos mesmos eventos que se perciben tradicionalmente como cruciais no comezo da fin de al-Andalus: entre outros, a conquista de Toledo, a unión definitiva das Coroas de Castela e León e a ocupación de Córdoba, Sevilla e outras partes de Andalucía nos últimos anos do reinado de Fernando III (m. 1252) e nos primeiros dos do seu fillo Afonso X (1252-1284). Porén, as narrativas teleolóxicas que suxiren a inestabilidade da «reconquista» cristiá non reflicten a viva realidade dese período, ou a incerteza que acompañaba as repetidas invasións dos imperios almorábide e marinida. E do mesmo modo que debemos desmitificar o ano 1492 como o derradeiro final das culturas andalusís, e cuestionalo como marcador dunha ruptura absoluta co pasado, tamén debemos interrogar as narrativas convencionais do declive galego por esas datas. Ben polo contrario, debemos estar alerta aos sinais que mostran a continuada importancia de Galicia na Iberia medieval, en termos políticos, económicos e culturais.

Hai un consenso xeral arredor da idea de que Galicia ocupou un papel central nos reinos cristiáns ibéricos entre os séculos IX e finais do XI. *A inventio*, no século IX, do sartego de Santiago polo bispo de Iria Flavia, Teodomiro, deulle a Galicia un papel central no imaxinario relixioso da cristiandade medieval, tanto na Península

1 Anidjar 2008: 182.

2 Monteaigudo 2016.

Ibérica como fóra dela³. No reino ás veces coñecido polos investigadores modernos como de Asturias-León e posteriormente de León, Galicia tiña un claro protagonismo tanto na política, como na economía ou no eido eclesiástico. Esta realidade é ben visible até o reinado de Fernando I e Sancha (1037-1065). Tanto o territorio ao norte do Miño, como as partes máis setentrionais do que hoxe en día é Portugal, eran o escenario privilexiado da actividade monárquica e eclesiástica e das loitas polo poder. A pesar de que o reinado de Fernando I foi considerado, en ocasións, como de xiro cara ao sur-leste, é dicir, cara á fronteira con Castela, o certo é que o rei centrou boa parte das súas enerxías na consolidación da súa autoridade en Asturias, León e Galicia, ao tempo que espallaba o territorio do seu dominio en Portugal⁴. A importancia de Galicia faise patente no *Mapamundi* do Beato de Burgo de Osma, elaborado —probablemente no mosteiro de Sahagún— no ano 1086 e no que Galicia ocupa un espazo ben prominente, que se corresponde coa meirande parte da Península Ibérica. Tanto a Torre de Hércules na actual cidade da Coruña, un punto de referencia na navegación atlántica, como a igrexa de Santiago son puntos destacados deste *Mapamundi*; o templo xacobeo debúxase, de feito, como o máis grande do mundo. Pola súa parte, a igrexa do recentemente conquistado Toledo ten unha representación claramente menor, semellando máis un castelo ou fortificación que unha igrexa⁵.

A toma de Toledo por Afonso VI no ano 1085 foi percibida tradicionalmente como unha data clave na historia ibérica, a partir da cal a fronteira sur se vai facendo cada vez máis importante e o extremo noroeste, Galicia incluída, tería perdido boa parte do seu peso específico no conxunto do reino de León-Castela. Temos sobradas evidencias de que a Coroa experimentou dificultades no control de Galicia ao longo deste período. Como sinalou Francisco Prado-Vilar, a última década do século XI foi unha época de tensións arredor da sucesión dinástica, que veu acompañada da inestabilidade provocada pola expansión territorial e mais polo cambio de rito relixioso. O rei centrou os seus esforzos na promoción á sucesión do seu fillo natural Sancho (nacido da súa relación coa súa amante musulmá Zaida) e tivo que confrontarse co partido borgoñón, particularmente cos seus xenros, os condes Raimundo e Henrique⁶. A decisión de Afonso VI de delegar responsabilidades no conxunto dos territorios previamente rexidos polo rei García (1065-1072), unha *Gallaecia* posromana que chegaba polo sur até o río Douro, tivo as súas consecuencias. Raimundo comezou a se intitular como *Dei gratia comes et totius Galletie dominus* sen facer referencia ningunha a Afonso; probablemente isto foi a causa que levou o rei Afonso a tomar a decisión de dividir estas terras usando o río Miño como fronteira xeográfica, e de conceder o

3 D'Emilio 2015b: 7.

4 Reilly/Doubleday (no prelo).

5 López Carreira/Andrade Cernadas 2020: 113-116.

6 Prado-Vilar 2009.

condado de Portugal e mais o territorio de Coimbra ao conde Henrique, que estaba casado coa infanta Tareixa, filla ilexítima do rei⁷.

En calquera caso, é posible esaxerar o prolongado efecto destas dificultades, a progresiva marxinação de Galicia no século XII, e mesmo aínda a estratéxica división de responsabilidades por parte de Afonso VI, que á fin había de resultar permanente polo feito de que Portugal emerxeu dende entón como un reino independente. En termos culturais, o período que abrangue os séculos XI ao XIII foi definido por James D'Emilio como un dos máis dinámicos na historia de Galicia. A construción dunha nova basílica en Santiago veu acompañada por una inmensa onda construtiva conforme o estilo románico cara a finais do século XII: «an astounding technical, economic, and cultural feat for a pre-industrial society»⁸. En termos políticos, é certo que Afonso VII (1126-1157), *tocius Hispaniae imperator*, centrou a súa xestión en varias fronteas: consolidar a unión das Coroas de Castela e León, as súas aspiracións á Coroa de Aragón e a ocupación de Almería e outras partes do sur da Península. Aínda así, este rei nacido e criado en Galicia manifestou o seu desexo de ser soterrado en Santiago, como fixera seu pai, e de crear un panteón rexio na cidade, malia que, finalmente, só a súa dona, a raíña Berenguela, ficou soterrada en Compostela⁹.

Galicia desempeñou un importante papel na conquista de Almería, a xulgar polo que din a *Chronica Adefonsi Imperatoris* e mais o *Prefatio Almeriae*, nos que se sinala que os galegos foron os primeiros en entrar no campo de batalla. É neste contexto no que a idea de Santiago Matamouros vai collendo forma a mediados do século XII, no *Privilexio dos votos* elaborado polo cóengo compostelán Pedro Marcio, ou nas crónicas como a *Historia Silense* e, posteriormente, nos traballos de Lucas de Tui¹⁰. Tras a decisión de Afonso VII de dividir os reinos de León e Castela en 1157, Galicia continuou tendo un peso considerable no conxunto do reino de León ou, máis propiamente, de León-Galicia, coa aristocracia galega (sinaladamente o grupo dos Traba) mantendo unha forte hexemonía. Tanto Fernando II (1157-1188) como Afonso IX (1188-1230) foron soterrados en Santiago, e ambos figuran adoito nos diplomas das súas chancelarías como reis de León e Galicia. Aínda que Fernando II só visitou Galicia esporadicamente despois de 1172, o seu fillo Afonso IX fixoo moi frecuentemente e mesmo creou o cargo de meiriño maior do reino de Galicia¹¹. Fundou varias cidades, entre elas A Coruña, e apoiou con entusiasmo a peregrinación a Santiago; de feito, morreu o 24 de setembro de 1230 en Sarria, mentres ía de camiño a Compostela como romeiro.

É precisamente este ano, 1230, o que é máis veces invocado como un punto crucial na historia de Galicia. Certo é que, tal como argumentou Francisco García Fitz, a vitoria cristiá na batalla das Navas de Tolosa, dezaioito anos antes, puido

7 Portela 2015.

8 D'Emilio 2015b: 22, 64.

9 Yzquierdo Peiró 2019.

10 Falque 2015.

11 Pérez Rodríguez 2015: 431-438.

non ser a «batalla decisiva» nos termos do proceso de longo percorrido da chamada Reconquista. Cómpre recordar, sen ir máis lonxe, o estalido dunha crise dinástica no imperio almohade tras a morte do califa Abu Iacub en 1224, o que propiciou unha nova fase de expansionismo cristián na fronteira andalusí¹². Porén, a unión dinástica de León e Castela significaba que Galicia pasaba a ter unha función algo máis marginal no conxunto dun novo reino moito máis extenso, tras as conquistas de Córdoba, Sevilla e o reino de Murcia. Ademais, a importancia económica da principal ruta de peregrinación cara a Santiago, de traxectoria leste-oeste, íase ver ameazada polas novas rutas do norte ao sur. Por outra banda, no que queda de século, houbo só tres visitas reais a Galicia e o mesmo Afonso X nunca chegou a vir. Cando, eventualmente, o seu fillo Sancho IV (1284-1295) fixo a súa primeira visita a Galicia no ano 1286, deixou claro que «auia mas de L annos que non entrara en Gallizia otro Rey, si non yo agora»¹³. Afonso X, o derradeiro califa almohade segundo a definición de Maribel Fierro, demostrou unha rotunda preferencia polo sur da Península e por Sevilla en particular, o que puxo de manifesto coa súa preocupación pola fronteira andalusí e o seu *fecho del Imperio* na procura do título de Emperador do Sacro Imperio Romano. De acordo co paradigma convencional, a Coroa de Castela tiña pouco interese en Galicia, considerada como territorio dominado pola Igrexa e a vella aristocracia, xustamente os dous poderes que o rei Afonso X tentaba desafiar.

Porén, os académicos galegos cuestionaron de modo progresivo este paradigma. Xa a mediados dos oitenta, con motivo do sétimo centenario da morte de Afonso X, un breve pero moi suxestivo traballo de Santiago Jiménez Gómez (1984-1985) sinalaba que a imaxe dun rei que estaba politicamente distanciados de Galicia —ou que era considerado directamente antigalego— non era axeitada. A nobreza galega estivo implicada de cheo tanto nas campañas militares na fronteira andalusí como no proceso de reorganización social e colonización. Por exemplo, argumentaba este autor, sabemos da presenza na fronteira andalusí de Estevo Fernández de Castro, quen foi xenerosamente compensado no repartimento de Sevilla, do mesmo xeito que o foi o arcebispo compostelán, Xoán Arias, que tamén participara canda outros cabaleiros no servizo real en varias campañas preto de Sevilla. Jiménez Gómez tamén suxire que Galicia fora tamén unha importante fonte de rendas destinadas a sufragar a candidatura do rei ao título imperial. Sinaladamente, entre 1272 e 1274, os diplomas casteláns refírense, a miúdo, ás taxas cobradas para o *fecho del Imperio*. En terceiro lugar, Galicia estaba cada vez máis suxeita ao marco lexislativo afonsino, como queda de manifesto no *Espéculo*, nas *Partidas* e no *Fuero Real*. Iso supuxo, por exemplo, a creación de alfândegas en moitos portos de Galicia, así como a creación de burgos reais como Pontedeume en 1270. Cómpre ter en conta, tamén, as intervencións xudi-

12 García Fitz 2012.

13 López Ferreiro 1895, I: 375. Estes argumentos foron desenvolvidos por Pérez Rodríguez 2015: 441-448, no contexto dunha reformulación deste tópico historiográfico.

ciais nos preitos entre os concellos galegos e os seus señores, incluíndo os bispos de Ourense e, moi especialmente, os arcebispos de Santiago. Finalmente, para Jiménez Gómez, o vínculo máis estreito entre Afonso X e Galicia reside no ámbito da cultura, sinaladamente na súa produción lírica, tan ben representada nas *Cantigas de Santa María* e nas súas composicións profanas. A influencia da tradición literaria e lingüística galego-portuguesa na produción cultural afonsí, conclúe Jiménez Gómez, formula unha serie de interrogantes, por exemplo se o rei falaba galego, a partir de que momento e se o galego funcionaba como lingua franca na corte.

A conexión galega de Afonso X puido comezar na súa infancia. O seu aio, o burgalés García Fernández de Villamayor, estaba casado con dona Maior Arias, unha nobre galega que podería pertencer á familia Arias da Limia. García Fernández recibiu a tenza da vila de Maceda, preto de Ourense, de mans de Fernando III. O infante Afonso puido ter, moi probablemente, o seu primeiro contacto coas cortes nobiliarias da rexión do Miño en 1232, cando seu pai, Fernando III, visitou, entre outros lugares, Lugo, Santiago (que era para entón o principal centro de eclosión da lírica trobadoresca en lingua galega), A Coruña, Ourense e Tui; un contacto co reino de Galicia que ben puido terse intensificado nos vindeiros anos. É moi debatida a teoría de que Afonso pasase algún tempo en Maceda cando mozo, cuestión que, hoxe en día, non ten referendo documental¹⁴.

En calquera caso, estivese ou non nesta vila ourensá, o que si puido producirse nalgún punto de Galicia foi o comezo da relación de Afonso con María Afonso, filla de seu avó Afonso IX e de Teresa Gil de Soverosa. Parece, por outra banda, que chegado á súa maioría de idade, arredor de 1240, Afonso recibiu importantes vilas en Galicia e mais en León¹⁵. Mesmo sendo infante, Afonso —segundo apunta Pérez Rodríguez— recibira un rol significativo en Galicia e León, exercendo unha autoridade de tipo xudicial en nome de seu pai. Isto é un primeiro indicio de que non debemos reducir a «monarquía» á figura individual do rei, argumento sobre o que volveremos decontado. Xunto cunha serie de territorios leoneses, o infante Afonso foi investido coa tenza de Ribadavia dende 1240 e, posiblemente, da de Lemos, entre outras. Ribadavia estaba gobernada por Andrés Fernández de Castro, no nome de Afonso, en 1245 e 1249, o que suxire que a súa función aí era de longa duración¹⁶.

A ausencia física do rei en Galicia dende a súa coroación en 1252 é un feito indiscutible, pero dende os primeiros meses do seu reinado a chancelaría real continuou confirmando privilexios en favor dos mosteiros galegos. É ben certo que non eran novos privilexios pero, deste modo, mantívose unha tendencia confirmatoria ben visible xa dende os reinados de Afonso IX e mais Fernando III. Tal como expón Jiménez Gómez, o reino de Galicia continuou a ser vital economicamente para

14 González Jiménez 2004: 18.

15 Monteagudo 2014: 123-124.

16 Monteagudo 2014: 149, Pérez Rodríguez 2015: 441-448.

a Coroa, en particular como fonte de ingresos das rendas derivadas da actividade mercantil dunha serie de portos marítimos, e dez deses portos (dun total de vinte e catro) estaban en Galicia: Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Betanzos, A Coruña, Baiona, A Guarda e Tui, así como tres portos pesqueiros secundarios: Noia, Padrón e Pontevedra. Afonso X era perfectamente consciente da necesidade de defender as costas galegas; a Orde de Santa María de España fora fundada coa finalidade de defender a fronte litoral do reino. Mentres tanto, os galegos continuaron a participar nas campañas militares do rei e a conquista de Sevilla foi, con toda seguridade, un estímulo importante para o desenvolvemento económico dos portos galegos¹⁷.

Para Pérez Rodríguez e outros, Afonso X encarnaba unha tendencia espallada amplamente pola Europa occidental neste tempo consistente no reforzo da autoridade rexia¹⁸. Ademais de resolver as disputas entre os concellos e os señoríaos episcopais de Galicia, Afonso tomou o control da sé arcebispal de Santiago, que quedara vacante tras a morte de Xoán Arias en 1266. O seu rexeitamento a recoñecer o candidato papal, Gonzalo Gómez, significou que Santiago permanecese como unha cidade baixo o señorío real até a fin do reinado e, máis aínda, até o comezo do século XIV. Polas mesmas razóns, a sé de Ourense ficou vacante unha década despois de 1276. Estas estratexias tiveron un efecto politicamente polarizador e o rei gañou a animadversión da Igrexa galega, ao mesmo tempo que se ía mergullando nun crecente enfrontamento cos integrantes da vella aristocracia. Houbo, por exemplo, unha vigorosa reacción contra a vaga de fundacións urbanas promovida polo rei en territorio galego. Pero o mesmo Afonso X e a monarquía no seu conxunto, entendida de modo máis amplo como estrutura corporativa e colectiva, estaban seriamente comprometidos con Galicia, en contra do que comunmente se tende a pensar. Polo mesmo, Galicia seguiu operando como un territorio vibrante no económico e no cultural, e continuou sendo calquera cousa menos periférico no conxunto da Coroa de Castela e León. O mito da marxinação é, de feito, o resultado dunha operación de apagado histórico, un proceso que parte do século XVI en diante. Foi entón cando Galicia comezou, baixo as dinastías dos Habsburgo primeiro e dos Borbóns despois, a ser máis dependente economicamente e cada vez máis suxeita aos penetrantes clixés centralistas do atraso¹⁹. Pero aínda neste momento tardío, como veremos máis adiante, temos motivos para cuestionar o tópico do declive.

Agora que Galicia rexorde outra vez, no século XXI, cunha significativa importancia económica, e cando a situación xeograficamente periférica lle dá, de modo paradoxal, un renovado papel central en España e no eido atlántico, parece oportuno rever os vellos tópicos do atraso e da marxinação²⁰. Así pois, os colaboradores deste volume volven avaliar os variados vieiros polos que Galicia desempeñou

17 Pérez Rodríguez 2015: 452-456.

18 Doubleday 2001: esp. cap. 4.

19 López Carreira/Andrade Cernadas 2020: esp. 29-58 e 121-182.

20 Colmeiro 2009.

un papel sobranceiro no marco da Península no século XIII, nomeadamente durante o reinado de Afonso X. O capítulo 1 deste libro, a cargo de Francisco Javier Pérez Rodríguez e titulado «Diplomatario galego de Afonso X», ofrece un punto de partida para este novo achegamento, similar ao que fixera Manuel González Jiménez no «Diplomatario andaluz de Alfonso X» (1991). A pesar de que o capítulo non inclúe a edición dos documentos orixinais, confiamos en que esta compilación de fontes sirva como un recurso esencial para investigacións futuras. O «Diplomatario» corrobora o argumento de que existía unha forte implicación real en Galicia durante o reinado de Afonso X. Dá conta tamén dunha serie de concesións de terras no Aljarafe de Sevilla en favor da nobreza galega e do cabido compostelán, por volta do ano 1260, e que forman parte do repartimento dese territorio (docs. 11, 16, 99, 123). Fornece, tamén, moitas evidencias sobre o feito de que Galicia continuaba a ser unha importante fonte de ingresos para o financiamento das campañas militares en Andalucía; nese sentido, vemos a Afonso X enviando o seu «alcalde» Domingo Eanes para recadar cartos cos que custear a frota de Cádiz en 1258 (doc. 100; cf. doc. 151). Así mesmo testemuña que, entre os oficiais reais, o meiriño maior Rodrigo García de Traba estivo particularmente activo na resolución de casos xudiciais en Galicia (docs. 114-115, 118, 127), e que polo xeral houbo unha tensión constante despois de 1268 entre os mosteiros galegos e varios oficiais da monarquía, incluíndo o meiriño maior e o adiantado de Galicia (docs. 160-163, 184, 203, 214, 222).

Algúns dos máis duradeiros funcionarios de Afonso X foron galegos, como o propio Gómez García de Soutomaior. Moitos destes oficiais estiveron estreitamente unidos ao rei, en especial nas últimas fases do reinado, por fortes vencellos de lealdade persoal; máis tamén, por esta mesma razón, esa rede vai ser logo desmantelada polo seu sucesor Sancho IV²¹. O «Diplomatario» tamén evidencia a maneira en que o goberno real era, como sinalou Theresa Earenfight, «a family affair» ou un asunto de familia. Isto reforza a idea de que a monarquía debe ser entendida, até a Baixa Idade Media, non como unha forma de goberno en solitario por parte dun único dirixente, senón, pola contra, como unha empresa colectiva e corporativa que involucra moitos integrantes da familia real e achegados, tanto homes como mulleres²². Afonso X refírese a un dos seus meiriños en Galicia, Xoán Fernández, como «mio sobriño» en xullo de 1277 (doc. 205). O seu fillo primoxénito, Fernando de la Cerda, estivera moi implicado como axente da xustiza real en Galicia dende xullo de 1270, cando está documentada a súa presenza en Santiago, do mesmo modo que fixera o propio Afonso cando fora infante (docs. 169, 185, 205). Igualmente, o infante Sancho está presente en Santiago na súa condición de alférez e almirante da confraría de Santa María

21 Este proceso é estudado detidamente por Hernández 2021.

22 Earenfight 2016, Pick 2017. Coincidindo coa visión de Earenfight da monarquía como un asunto de familia, Pick sinala que «The king was at the apex of that family, but his security and ability to exert his authority depended not only on networks of relationship with nobles, rivals, and members of the Church but also on relationships within the family» (238).

de España o 16 de novembro de 1272 (doc. 180), e estivo en Allariz o 24 de novembro do mesmo ano, lugar onde a súa nai confirmaría o mecenado dun convento de clarisas (doc. 183). Para o ano 1274 estaba gobernando as terras reais (reguengo) galegas dende Burgos, por medio do seu oficial Xoán Gato (doc. 193; cf. doc. 194). A súa función en Galicia consolidouse máis despois da morte de Fernando de la Cerda en 1275 (docs. 198, 207, 208, 223), e nos últimos anos da década de 1270 comezaba a exercer o que Francisco J. Hernández definiu como «un papel cuasi virreinal» no noroeste da Península, coas funcións dun correxente (212)²³. Sancho visitou Galicia en 1276 e outra vez en 1278, e axiña volveu despois do seu ascenso ao trono en 1286.

O «Diplomatario» tamén revela o activo papel da monarquía en apoio das vilas e cidades de Galicia, por exemplo na protección dos privilexios mercantís e fiscais da cidade da Coruña, que recibira o monopolio do comercio do sal (doc. 87; cf. 92, 195), ou na anterior tenza de Afonso en Ribadavia (doc. 97) ou en Pontevedra (doc. 151) —que revelaba unha economía vibrante, tal como argumenta Olalla López-Costas no capítulo 3 desde volume— pero tamén a cidade de Lugo e, mesmo, Vilafranca do Bierzo (doc. 191). O 15 de febreiro de 1268, Afonso X liberou os cidadáns de Lugo de ser arrestados ou encarcerados por causa de ter débedas co bispo (doc. 158). Medidas deste tipo reflecten unha xestión real manifestamente hostil cara ao poder das sés episcopais de Galicia. Isto contrasta coas políticas desenvolvidas polo mesmo Afonso X nos primeiros anos do seu reinado (1252-1256), cando ratificara unha longa relación de privilexios previamente concedidos á Igrexa de Santiago e protexera os seus intereses económicos e espirituais. O 6 de novembro de 1254 concedeu a protección real para todos os peregrinos de camiño a Compostela (doc. 20); e o 29 do mesmo mes regularizou o modo en que os peregrinos debían facer as súas últimas vontades e testamento (doc. 21). Dous anos máis tarde, o 3 de novembro de 1256, concedeu ao arcebispo de Santiago, Xoán Arias, o dereito de ter un mercado cada martes en Aldeanueva [de Figueroa], nun punto lonxe de Compostela, entre Toro e Salamanca; e ao día seguinte entregoulle ao mesmo arcebispado a vila galega de Xallas (docs. 74-75).

Así e todo, mesmo nestes primeiros anos pódense detectar sinais de crecente desconfianza por parte do cabido catedralicio, reflectindo tensións que se desenvolverían nunha constante actitude anticompostelá pola parte do rei de Castela. Neste clima de desconfianza, en Covarrubias, o 10 de novembro de 1255, Afonso concedeu que fose o cabido de Compostela quen controlase as rendas da sé durante o tempo que estivese vacante (doc. 78); e en Vitoria, o 10 de xaneiro de 1256, fixo explícito que o préstamo financeiro que a Igrexa de Santiago lle concedera a seu pai, Fernando III, fose feito libremente e, polo tanto, sen teren a necesidade de devolvelo (doc. 90). Durante os primeiros anos da década de 1260, Afonso interveu en moitos dos conflitos

23 Hernández 2021.

de intereses que enfrontaban a catedral co consello da cidade, e resolveu en favor deste nunha decisión crucial tomada o 30 de xuño de 1264 en Sevilla (doc. 137).

A firme proxección do poder real en Galicia no reinado de Afonso X é o tema principal do traballo de Francisco J. Hernández, «La piel del leopardo: Galicia y el ordenamiento territorial alfonsí», que conforma o capítulo 2 deste volume. O reguengo, argumenta Hernández, era aínda unha parte importante da paisaxe galega a mediados do século XIII; malia ser tamén terra de cregos e monxes, o dominio da Igrexa distaba moito por estas datas do que chegaría a ser no século XVII. Este argumento reforza consideracións parecidas no sentido de que o control da Igrexa era máis limitado do que poderíamos imaxinar en varias áreas de Galicia, incluíndo as zonas montañosas do leste; aínda que podemos asumir que a Igrexa tiña menos interese nas terras pouco produtivas, había nesta rexión terras extremadamente fecundas (incluíndo o Ribeiro de Avia) sobre as que o control real foi significativo²⁴.

Hernández, pola súa parte, defende que esta presenza real era especialmente forte na *terra chá* (os territorios baixo xurisdición real)²⁵; neste sentido, a delegación de poder real nos eidos xudicial e administrativo en tenzas estaba ben asentado, en territorios como Trastámara, Montenegro, Monterroso, Sarria, Lemos, Toroño ou A Limia. A historia destas tenzas rotatorias reflicte o poder da Coroa para escoller os tenentes, xa que estes nomeamentos non eran hereditarios, nin simples concesións ás dinámicas locais de poder. Entre estes tenentes estaba un fillo natural de Afonso X, Afonso Fernández, quen, ao igual que seu pai, pasou a maior parte da súa vida en Sevilla. Este mesmo Afonso Fernández foi enviado como xefe dunha forza militar dirixida contra Santiago de Compostela co fin de asegurar os dereitos reais. Hernández fai constar que, mentres que as cinco sés episcopais galegas foron excluídas do pago das taxas ordinarias, non o foron do pago dos servizos extraordinarios, unha fonte principal de ingresos para as arcas reais. Afonso X tentou por todos os medios limitar o poder dos señoríos laicos e eclesiásticos, e beneficiouse de xeito considerable da vacante na sé de Compostela que se produciu tras a morte do arcebispo en 1266.

En moi boa medida, a continua afirmación do poder rexio en Galicia era só unha mostra do valor económico e comercial deste territorio para a Coroa de Castela e León. No capítulo 3, «Pontevedra, a cidade que floreceu na Baixa Idade Media: adentrándonos na dieta medieval a través dos restos humanos», Olalla López-Costas ofrécenos unha nova perspectiva arqueobiolóxica sobre estas cuestións. Argumenta que o século XIII, lonxe de ser un período de declive, foi unha época decisiva no desenvolvemento da economía de Galicia e, sinaladamente, nas fortunas comerciais de Pontevedra coa súa preeminencia adquirida na pesca atlántica. A autora suxire que

24 Andrade Cernadas 2016.

25 Non se debe confundir este termo coa Terra Chá, un territorio moderno do norte da provincia de Lugo.

isto se debeu principalmente ás intervencións dos reis de León (Fernando II e Afonso IX) e de Castela-León (Fernando III e Afonso X), o que favoreceu que Pontevedra adquirise un papel principal no comercio do peixe, dentro e fóra da Península. Sobre a base das prospeccións arqueolóxicas levadas a cabo entre 2007 e 2010 nos cemiterios das igrexas da vila, e adoptando innovadoras metodoloxías científicas, López-Costas analiza en detalle a dieta dos veciños de Pontevedra no século XIII. Chega á conclusión de que era unha dieta rica e diversa en produtos do mar, e establece, deste modo, relacións entre pautas de consumo e status socioeconómico.

Repensando a relación da Coroa con Galicia no tempo de Afonso X, é moi importante evitar focalizalo todo na figura singular do rei. Tal como observou Lucy Pick, «the old master narrative of the sovereign king and the fantasy of uncomplicated male lordship have proven extremely resistant to a more nuanced understanding of how power was construed, held, and wielded in the Middle Ages»²⁶. Malia que o «xiro de xénero» nos estudos sobre a realeza se produciu moi lentamente, unha nova e poderosa xeira de estudos sobre a «rexinalidade», poder e xénero na Europa medieval, acaba de salientar a importancia das mulleres das elites, incluíndo aquelas que formaban parte da corte e da familia real entendida dun modo amplo²⁷. En León e mais en Galicia, as raíñas foron recoñecidas por moito tempo como gardiás espirituais da familia real, exercendo autoridade a través da propiedade de casas relixiosas²⁸. Non de menor importancia era o seu papel de intercesión e mediación no amplo contexto da monarquía corporativa, un medio que lles permitía ás mulleres da familia real manexar unha parte significativa do «poder brando». A correxencia estaba sorprendentemente espallada pola Europa medieval, dende Bizancio ou Noruega até Polonia, e, tal como estudou Miriam Shadis, este poder foi exercido en Castela e León pola raíña Berenguela xunto co seu fillo Fernando III²⁹.

Esta nova visión da monarquía medieval como unha entidade corporativa na que as mulleres da familia real, á par que os homes, eran pezas vitais, explórase no traballo de Diana Pelaz, «Facerse presentes. As mulleres da familia real e o reino de Galicia na culminación plenomedieval», que constitúe o capítulo 4 deste volume. Tomando como punto de partida a fundación do convento de clarisas de Allariz pola raíña Violante, Pelaz subliña tanto o papel espiritual desempeñado polas mulleres da realeza na Castela e León do século XIII, como a súa actividade política e diplomática. Conclúe que a monarquía era «unha institución complexa, que supera os límites do corpo físico do monarca». A multiplicidade de figuras reais con presenza na Corte, máis alá da raíña e das infantas, que quedou testemuñada nos diplomas rexios, sen dúbida contribuíu a amplificar o alcance da Coroa. A figura da raíña é entendida «como enlace entre pai e fillo/s pero tamén por si mesma, como figura polí-

26 Pick 2017: 246.

27 Véxase, por exemplo, Bianchini 2012, Earenfight 2014, Pelaz Flores 2015.

28 Pick 2011.

29 Shadis 2009.

tica autónoma e independente». Segundo confirma Pelaz, esta función reflíctese nas artes visuais, sinaladamente nas imaxes do tomo do mosteiro cisterciense de Toxos Outos, no cal se representan once raíñas. O papel administrativo das infantas reais foi tamén significativo: Pelaz apunta á súa función como tenentes de importantes territorios, incluíndo portos comercialmente relevantes como A Coruña, para alén dunha serie de espazos situados ao longo da fronteira con Portugal. Conclúe observando que o reino de Galicia «continuaría a formar unha parte fundamental tras a reunión de León e Castela baixo o mandato de Fernando III e de vital importancia para a estabilidade do conxunto territorial durante o reinado de Alfonso X»; tanto para as mulleres da realeza como para os seus equivalentes masculinos, os territorios de Galicia continuaron representando un espazo esencial de acción.

O papel das mulleres da familia real é igualmente central no capítulo 5, de Rosa M^a Rodríguez Porto, «Cara e cruz: conflito político, territorio e padroado rexio en Galicia durante o reinado de Afonso X e Violante de Aragón». Afonso desenvolveu unha política que, se ben non se podería considerar antigalega, si chegou a ser anticompostelá. As institucións eclesiásticas galegas, como o cabido catedralicio de Santiago, procuraron na raíña Violante unha fonte alternativa de apoio real. É posible, como suxire Porto, que Violante, a diferenza de Afonso, viaxase persoalmente a Compostela nos primeiros anos da década de 1260; certamente sabemos que estivo no reino de León-Galicia en 1264-1265. Do mesmo xeito que Pelaz, Rodríguez Porto apunta cara a modelos longamente establecidos nos que as mulleres da realeza despregaron axendas políticas no noroeste peninsular; o convento de Santa Clara de Allariz puido ser fundado dentro dun «triángulo imaxinario», formado por Xunqueira de Ambía, Porqueira e Celanova, que tradicionalmente pertencera ás infantas de León. Como unha proxección franciscana da fundación real de Las Huelgas —en si unha reinvencción das institucións vencelladas ao Infantado—, Allariz foi tamén a inspiración da fundación de Santa Clara de Coimbra pola raíña Isabel de Portugal, reflectindo as implicacións xeopolíticas dos fortes lazos dinásticos existentes entre dona Violante e a súa sobriña Isabel. Este desexo de acollerse á protección e padroado das mulleres da familia real pode verse corroborado pola centralidade que teñen as imaxes das raíñas no Tombo Colorado e, de novo, no tomo de Toxos Outos. Para o seu descontento, o papel da raíña Violante como padroeira do convento e favorecedora do seu desenvolvemento económico foi drasticamente minorado polo seu fillo o infante Sancho. Este quitoulle á nai importantes tenzas e foi o responsable do nomeamento do bispo de Ourense, Pedro Eanes de Nóvoa, quen podería ser considerado como unha né-mese dos franciscanos en Galicia, nun momento en que Violante estaba tentando establecer o convento de clarisas de Allariz. Isto combinábase coa desafección que xa existía cara a Sancho, por parte da nobreza e o clero de Galicia, nun momento, sinala a autora deste capítulo, no que Galicia estaba a piques de se converter nun reino independente. Porén, aínda así, a raíña continuou a ser un firme padroeiro, tal como

pon de manifesto o dispar rexistro documental, malia a escaseza das obras artísticas que poden realmente asociarse coa iniciativa de Violante; neste sentido, as páxinas finais do capítulo de Rodríguez Porto están dedicadas a unha análise do papel de Violante en relación cunha serie de obxectos materiais convencionalmente asociados á súa figura.

O traballo de Beatriz Vaquero, «Santa Clara de Allariz, historia dunha fundación real (ss. XIII-XV)», conforma o capítulo 6 do libro e baséase na inminente edición dos 376 documentos sobre o convento que chegaron até os nosos días, trazando a súa historia dende os seus primordios en 1282 e a incorporación da súa primeira abadesa, Sancha Eanes, até finais do século XV. Para Violante este foi, en parte, un proxecto persoal: o convento ía ser un lugar de refuxio na súa viuvez, despois do falecemento de Afonso X en 1284, e no seu testamento deixou por escrito a súa intención de ser soterrada alí. Porén, reforzando a liña de interpretación que é un dos eixes centrais deste libro, Vaquero acepta o argumento de que a fundación de Santa Clara de Allariz foi tamén un movemento político pensado coa intención de reafirmar o poder real como contrapeso do poder da Igrexa, neste caso o poder do bispo de Ourense; un feito, por outra banda, do que o prelado parecía ser un bo coñecedor. Tanto é así que o convento foi despois apoiado por Sancho IV, polo seu fillo o infante Felipe e por outros membros da familia real nas décadas seguintes, tamén por Afonso XI, ao tempo que continuaba sendo «un importante centro de poder feminino».

